



Global express

A actualidade na aula

¡Viaje con nosotros... si quiere gozar!

1.

PAÍS 1: IEBAKA

- Amnistía Internacional publicou un relatorio sobre este país no que critica os frecuentes homicidios cometidos pola policía en circunstancias controvertidas. Tamén acusa o goberno de non protexer os dereitos dos inmigrantes e dos cidadáns de ascendencia estranxeira, e de permitir o asedio contra defensores dos Dereitos Humanos.
- Encóntrase na zona con maior taxa de prevalencia da VIH/SIDA despois de África subsahariana. O goberno recoñece que case 70% das persoas que precisan de tratamento antirretroviral non o reciben.
- Os arrecifes de coral están contaminados, o que degrada os hábitats mariños e reduce as poboacións de peixes.
- Sofre frecuentes furacáns que devastan as vivendas e que afectan negativamente a economía.
- 60% da súa poboación é pobre, e un 20% vive na pobreza extrema. 33% da poboación é menor de 14 anos e a taxa de mortalidade infantil é de 36 por mil.

PAÍS 2: AKABEI

- A amabilidade da súa xente, a súa cultura e as súas impresionantes praias de gran calidade convérteno nun lugar ideal para investir ou adquirir unha segunda residencia.
- Nos seus 1.288 km de costas, encontramos praias de gran calidade a só dez minutos do aeroporto internacional, que contan cunha infraestrutura completa no relativo a telecomunicacións, transporte, comercios, saúde e seguridade, e cunha ampla oferta hoteleira, de restauración e de entretemento.
- Entre as cordilleiras Central e Setentrional encóntrase unha fértil rexión. As brisas mariñas e as correntes oceánicas moderan o clima tropical chuvioso. Goza dunha temperatura ideal durante todo o ano.
- Ten dous parques naturais declarados patrimonio da humanidade pola UNESCO. No ámbito histórico e cultural, pódense visitar cidades coloniais e edificios singulares catalogados como patrimonio mundial pola UNESCO.
- É coñecido por dous ritmos musicais chamados merengue e bachata, que adquiriron popularidade a mediados do século XIX.

Fonte: Adaptado de X. Obach. Editorial Praxis, 1998.

1. Onde irías de viaxe? Por que?

2. ¿Turistas ou viaxeiros?

Preguntámonos algunha vez cales son os motivos que nos levan a nos converter en turistas? Que sabemos dos lugares onde imos? Que experiencias esperamos vivir? Por que escollemos un determinado tipo de viaxe? Seguro que non todo o mundo espera o mesmo cando inicia un periplo cara un lugar descoñecido.

2. Observa as seguintes bandas deseñadas e di o que che suxire cada unha delas.



Fonte: Norte y Sur. Intermón, 1994

3. Que dirías que teñen en común as tres? Cal é a visión que nos mostran das persoas que viven nos lugares que visitan estes turistas?
4. Como seguramente terás viaxado algunha vez, pénsao ben e di se estás de acordo ou non coa imaxe do turista que nos presentan estas bandas deseñadas. Por que?
5. Lembras este anuncio? Que estereotipo cres que reforza?



Extraído de: <http://www.litoralautentico.com/litoral.html>

6. Pon as túas opinións en común coas dos teus compañeiros e compañeiras e discutide co grupo-aula por qué credes que viaxan as persoas. Que diferenzas vos parece que hai entre un viaxeiro e un turista respecto ao obxectivo da súa viaxe e ao seu comportamento?

3. Luces e sombras

O turismo é a industria máis grande do mundo, por diante da industria automobilística ou da petroleira. Ademais, despois do tráfico de armas, é o maior negocio no ámbito internacional, xa que no ano 2005 representou o 11% do PIB mundial. Segundo a Organización Mundial do Turismo (OMT), prevese que o número de viaxeiros internacionais – que foi de 500 millóns en 1995 – chegue case aos 1.000 millóns en 2010 e poida alcanzar os 1.600 millóns en 2020.

O turismo é unha realidade que provoca que millóns de persoas se movan por boa parte do planeta. Naturalmente, estes desprazamentos, que a miúdo se concentran en áreas moi determinadas dos diversos continentes, teñen enormes consecuencias en todos os ámbitos – económico, social, cultural e medioambiental – que non todo o mundo avalía da mesma forma.

7. En pequenos grupos, pensade cáles son os aspectos, tanto positivos como negativos, que pode fornecer o turismo aos países do Sur. Poñede en común o traballo dos grupos e elaborade entre todos e todas unha listaxe na que fiquen recollidos.

8. Unha vez elaborada a listaxe, lede con atención as seguintes informacións:

O turismo é riqueza para a persoa, para a familia, para a comunidade e para o mundo enteiro.

Fonte: Organización Mundial do Turismo, 2002.

O turismo converteuse na principal fonte de divisas para os 49 países menos desenvolvidos (excluindo a industria petroleira), cun incremento dos seus ingresos do 47% nos derradeiros 10 anos, fronte ao 7,8% que experimentaron os países da UE (Unión Europea).

Fonte: Xornadas de Turismo Xusto. Amparo Sancho. «Un desafío para el desarrollo».

O turismo constrúese a partir de recursos naturais (sol e praia) e/ou culturais, especialmente presentes nos países empobrecidos.

Para iniciar o sector turístico, fan falta menos requisitos que para outras actividades e menos gastos de mantemento.

O sector turístico é intensivo en man de obra, a cal, por outro lado, non require unha formación inicial excesiva para a maioría dos postos de traballo.

A chegada do turismo serve par potenciar o desenvolvemento das obras públicas e do transporte, o que pode beneficiar as comunidades locais.

Por tratarse dun servizo que se consume no momento da súa utilización, é dicir, no propio país, o turismo pode estimular a procura e a produción interna doutros bens e servizos (por exemplo, dos alimentos).

9. Segundo as informacións anteriores, cales son as vantaxes que o turismo pode fornecer aos países, en especial aos máis pobres? Elaborade unha lista.

10. Agora lede e analizade detidamente as noticias seguintes:

O turismo ameaza a Reserva da Biosfera de Marrocos

Na lagoa de Smir e a zona de brañas de Restinga-Smir serán construídos tres grandes complexos turísticos. Dous deles afectarán directamente estas zonas. Xa non haberá zonas naturais en toda a costa que vai de Ceuta a Tetuán, xa non haberá lugar para que poidan descansar e

alimentarse as aves migratorias. A contaminación da costa con augas residuais aumentará, o que provocará a desaparición de moitas especies mariñas.

■ Fonte: www.turismoresponsable.net

Un de cada dez españois sabe de alguén que practicou o turismo sexual

Segundo o relatorio da Unicef España, a actitude da sociedade española perante a práctica da explotación sexual comercial infantil nas viaxes é a seguinte: o 55% e o 34% dos enquisados consideran como un fenómeno frecuente e moi frecuente, respectivamente, a prostitución infantil en países empobrecidos; un 21% considera que a maioría dos españois

que viaxan a países en vías de desenvolvemento buscan sexo con menores de idade; un 10% din coñecer algún adulto implicado en prácticas de abusos sexuais a menores.

■ Fonte: Reelaboración dun artigo de Silvia TORRALBA.

Con respecto ao tema da ocupación, o sector turístico é moi atractivo, xa que ofrece salarios máis elevados que os doutros sectores económicos como, por exemplo, a agricultura. Porén, provoca que a poboación máis nova abandone o campo e vaia

vivir ás zonas pobres que rodean os complexos turísticos, onde esperan encontrar un traballo temporal e vulnerable.

■ Fonte: SARDELLA P.; LANZANOVA L. *Viaggiare a occhi aperti*. ICEI. Milán 1997.

Nos países do Sur, moitas das obras públicas dirixidas á mellora das infraestruturas para aumentar o desenvolvemento turístico fanse con fondos públicos que deixan de ser investidos en saúde, educación ou agricultura. Isto representa un grave prexuízo para as poboacións locais.

Perder a terra significa entrar de maneira forzosa na economía global do diñeiro. O diñeiro é a única moeda recoñecida pola economía global. Sen diñeiro (e sen traballo) non hai saída, porque a terra e o antigo sistema de vida xa non existen. Pódese dicir que o turismo destrúe postos de traballo na medida en que contribúe a afastar a poboación da terra. En síntese, o turismo destrúe sistemas de supervivencia.

■ Fonte: NOCHOLSON-LORD D. 'Viaggiatore d'Occidenti', en *Internazionale*. 17/10/1997.

11. Que cuestións vos sorprenderon? Por que?

12. A que conclusións chegades?

13. Completade ou modifícade a listaxe que elaborastes na actividade 7.

4. Mar ou montaña



As seguintes informacións mostran algúns exemplos das consecuencias do noso modelo turístico nalgúns lugares do noso país.

- 14.** En grupos, lede as informacións seguintes relacionadas con diferentes infraestruturas turísticas e escollede aquelas frases que expresen as principais consecuencias, positivas e negativas, de cada unha das propostas.

A neve

Os estudos científicos elaborados nos últimos anos poñen en evidencia que a mudanza climática xa está a producir o progresivo, mais aínda leve aumento das temperaturas na montaña, o menor grosor medio da neve e a maior irregularidade temporal e territorial da innovación. Trátase dun efecto que xa se puido comprobar coa redución dos glaciares pirenaicos desde mediados dos anos oitenta.

Aos efectos da mudanza climática hai que engadir as graves afeccións ambientais que están a producir na maioría das nosas montañas a presenza e aparición de estacións de esquí acompañadas de proxectos urbanísticos con centenas de vivendas, hotéis, balnearios, etc. en espazos naturais de alto valor ecolóxico. Estas estacións xeran ademais a necesidade – artificial – de novas infraestruturas de transporte, novos servizos, e, especialmente, novos e grandes consumos de recursos naturais. A enerxía eléctrica ou os desprazamentos en vehículos privados son, xunto coa deforestación, os principais responsables da mudanza climática.

Un exemplo disto podémolo encontrar nunha estación de esquí que se construíu nos anos setenta, e que se converteu nun auténtico burato negro no que periodicamente se enterran considerables cantidades de diñeiro público. Situadas nuns cumes elevados, xa no límite do dominio esquiable, as súas abas están claramente expostas aos ventos dominantes do norte e noroeste. Estes ventos húmidos, e en moitos casos cálidos, desbaratan ano tras ano o manto de neve que se pretende aproveitar, por moito que numerosos canóns de neve artificial o intenten contrarrestar.

Millonarios investimentos, empregados en destruír o relevo singular de alta montaña e en instalar decenas de canóns, non poden impedir que as altas temperaturas das últimas décadas, agravadas pola mudanza climática, impidan a creación e o mantemento da neve artificial. Como consecuencia, o elevado investimento das sucesivas remodelacións, cada unha delas convertida na solución definitiva a este problema endémico da estación, lévano os ventos, que de paso tamén levan o diñeiro empregado ano tras ano en manter aberta unha estación sen neve nin usuarios.

Porén, este investimento público foi aproveitado habilmente polos intereses privados para conseguir beneficios á custa da especulación urbanística nos terreos próximos aos pobos do val. Asistimos impotentes ao desenvolvemento desorbitado de tres urbanizacións, nalgúns casos con grandes impactos paisaxísticos. Vemos desaparecer, deste xeito, unha paisaxe de prados húmidos e bosques.

Ademais, esta política de firme mantemento da estación de esquí e de apoio ao modelo de desenvolvemento urbanístico do val, é tremendamente insolidaria co resto das zonas de montaña próximas.

Mentres a comarca da estación de esquí se desenvolve de forma insustentable, o resto das zonas próximas sofre a ausencia do investimento público en políticas de desenvolvemento territorial, salvo para a construción de encoros, evidentemente. E, como unha mancha de aceite, o baleiro demográfico esténdese sobre o territorio, dando lugar a auténticos "desertos humanos". Nestas comarcas, as luces de emerxencia hai xa moitos anos que se acenderon: resta tan só unha escola en cada unha delas e estas están ameazadas constantemente co peche por falta de alumnado. Hai talvez algunha posibilidade de desenvolvemento para unha comarca na que xa non fiquen nenos e nenas?

A pregunta obrigada que debería facerse perante esta situación sería: que tería pasado se todo o diñeiro público investido nunha estación de esquí se tivese distribuído en políticas de desenvolvemento territorial sostido entre o resto das comarcas? O resultados talvez terían sido menos desastres ecolóxicos, menos urbanizacións especulativas, maior poboación nas zonas de montaña, máis desenvolvemento rural sustentable, máis paisaxes singulares conservadas, etcétera, etcétera.

Fonte: Ecologistas en Acción (<http://www.ecologistasenaccion.org>).

A cidade de vacacións

Segundo sinala unha consultoría inmobiliaria internacional, a lexislación urbanística de moitas comunidades autónomas españolas – cuxo modelo resultante foi posto en dúbida pola Unión Europea – favoreceu o crecemento desorbitado de promocións urbanísticas.

Entre elas destacan moitos proxectos de "cidades de vacacións", que adoitan ser macrounbanizacións turísticas localizadas en moitos municipios costeiros. Os promotores e xestores inmobiliarios levan comprando solo desde os anos oitenta. Mais foi hai apenas tres anos cando este tipo de complexos turísticos inmobiliarios experimentaron unha auténtica explosión.

Estes complexos turísticos inmobiliarios crecen a un ritmo vertixinoso e os seus datos económicos son contundentes. Cada vez hai máis venda de apartamentos e máis turistas visitantes nos hoteis, nos restaurantes, nos campos de golf – un campo de golf consume a mesma auga que unha cidade de 100.000 habitantes – e balnearios.

Moitos destes complexos turísticos inmobiliarios fixéronse a partir de adxudicacións irregulares. As asociacións de veciños, as plataformas ecoloxistas ou as organizacións cidadás afectadas, que loitan contra este tipo de complexos, a maior parte das veces son ignoradas no proceso.

Fonte: Extraído do artigo aparecido no número 38 de *Periódico Diagonal*.

O porto deportivo

Cada vez son máis frecuentes nas nosas costas proxectos que carecen dunha debida xustificación no relativo ao interese público que pretenden cubrir, e que en ningún caso respectan a paisaxe, o medio ambiente ou o patrimonio histórico. Un exemplo disto son os portos deportivos.

En moitas ocasións, non se trata unicamente de proxectos megalómanos e innecesarios con evidentes impactos ambientais sobre as zonas marítimas, senón que a maioría das veces non se axustan á normativa medioambiental para proxectos destas características. De acordo con esta normativa, un proxecto de porto deportivo debe presentar varias alternativas tecnicamente viables que deben ser analizadas nun Estudo de Impacto Ambiental.

Máis alá das cuestións legais están os criterios ambientais e de interese público. A construción de novos portos deportivos supón a destrución total de praias e campos. A nova instalación de portos deportivos produce un aumento dos vertidos, procedentes das actividades náuticas. Ao pechar dunha maneira importante as zonas marítimas, redúcese de maneira drástica a renovación das augas interiores, o que produce unha contaminación permanente que vai aumentando ao longo dos anos.

Outro aspecto importante son os lodos tóxicos que se extraen do fondo do mar. Estes materiais están moi contaminados con metais pesados altamente tóxicos como o mercurio, o zinc e o cobre, polo que requiren unha xestión e un tratamento especial.

Por outra banda, moitos destes proxectos son incompatibles coas normativas para zonas de protección costeira e mareais, respectivamente.

Finalmente, a realización deste tipo de proxectos produce a miúdo a perda de espazos públicos, xa que nos novos terreos gañados ao mar se proxecta a instalación de novos locais comerciais e almacéns, que serán outorgados mediante concesións á empresa privada.

Fonte: www.turismoresponsable.net

Os portos deportivos na rexión de Murcia

A rexión de Murcia sofre un gran déficit de portos deportivos. Estímase que para atender a demanda actual hai que habilitar non menos de 10.000 puntos de amarre, o que fai necesaria de maneira decidida e urxente a construción de novos portos e a ampliación da maior parte dos xa existentes. Isto é unha demanda permanente e lexítima dos usuarios da navegación deportiva e de recreo, que son persoas e familias dun amplo espectro económico, social e cultural, que simplemente desexan gozar dese ben universal que é o mar, a través da navegación.

Hai quen se opoñen á construción de portos deportivos. Cremos que cunha visión parcial deste tema non entran a considerar sequer os beneficios que isto implica, e falan só da carga negativa que ten que soportar. Como non? Son obras, e como calquera infraestrutura, ao realizalas modifícase o espazo no que directamente se sitúan. Felizmente, contamos cunha costa extensa que permite que se realicen estas instalacións en situacións idóneas, de forma totalmente respectuosa cos seus ambientes naturais e urbanos.

Os portos deportivos, ademais de satisfacer unha demanda social lexítima, son un magnífico motor para a economía e un viveiro de postos de traballo de calidade, que actúa como locomotora de toda unha estrutura económica que favorece a creación de empresas de todo tipo e reforza outras existentes na rexión. Baste como exemplo a construción de embarcacións, motores ou accesorios, equipamento de portos, venda e mantemento de embarcacións e outros moitos sectores aos que permite aumentar a súa actividade (hostalaría, electricidade, fontanería, construción, etc.). Tamén serven como segunda actividade a moitas persoas do sector pesqueiro, ás que permiten mellorar os seus ingresos, ás veces incertos.

Fonte: Extraído do artigo de Avelino Marín López, vicepresidente de COEC e da Asociación de Clubes Náuticos y puertos deportivos de la región de Murcia, publicado en *La verdad digital* de Murcia.

O turismo residencial

O turismo residencial xerou en 2003 unha facturación de 4.500 millóns de euros en España, segundo os datos da empresa Tinsa. Nestes momentos, na Costa Branca existen unhas 250.000 vivendas propiedade de cidadáns estranxeiros, o que fixo de Alacante a provincia española, xunto con Málaga, con máis residentes. O turismo residencial é, actualmente, o segmento con maior potencial de crecemento da industria turística.


España é o segundo destino turístico mundial con 50 millóns de visitantes, dos cales un millón conta cunha vivenda en propiedade. E os especialistas calculan que nos próximos cinco anos 800.000 novas familias europeas terán comprado unha segunda residencia. A maior concentración das vivendas turísticas dáse na Costa Branca, a Costa do Sol e as Illas Baleares, cuxa porcentaxe de crecemento alcanzou o 30% nos últimos 10 anos.

Fonte: Extraído do artigo "El turismo residencial generó 4.500 millones en 2003", publicado na edición dixital de *Levante. El mercantil valenciano*.

15. Poñede en común o voso traballo e respondede á seguinte pregunta:

Cal credes que é, a longo prazo, o tipo de turismo máis beneficioso para España?

5. Imos de viaxe!



Agora, en grupo, imos planificar unha **viaxe de fin de curso** ao destino que escollades entre todas e todos. A súa duración será de sete días.

16. Por grupos, detallade todas as actividades previstas durante as 24 horas de cada un dos días que vai durar a viaxe.

	MAÑÁ	TARDE	NOITE
1.º DÍA			
2.º DÍA			
3.º DÍA			
4.º DÍA			
5.º DÍA			
6.º DÍA			
7.º DÍA			



Existe un *Código Ético Mundial para o Turismo* que foi adoptado pola Organización Mundial do Turismo no ano 1999, así como pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 21 de decembro de 2001.

- 17.** Analizade se o voso proxecto de viaxe turística da actividade anterior respecta os seguintes aspectos recollidos polo *Código Ético Mundial para o Turismo*. Decidide se os respecta ou non, e explicade o porqué da vosa proposta.

ARTIGOS	SI	NON	POR QUÉ
A viaxe está organizada a partir do coñecemento das peculiaridades, tradicións, leis e características sanitarias do país a visitar.			
Consideramos o turismo como un medio privilexiado do desenvolvemento individual e colectivo. As nosas actividades turísticas respectarán e promoverán os Dereitos Humanos.			
Na preparación da viaxe avalíase salvagardar o medio ambiente, os recursos e o patrimonio natural. Podemos clasificar a nosa viaxe como "ecoturística".			
As actividades turísticas programadas respectan o patrimonio artístico, arqueolóxico e cultural. Non contribúen para a súa normalización (ou alienación) e empobrecemento.			
Asegurámonos de que os beneficios da viaxe contribúen para a mellora do nivel de vida da poboación das rexións visitadas e responden ás súas necesidades.			

ARTIGOS	SI	NON	POR QUÉ
A través das actividades e da prensa especializada en turismo, informámonos da situación de conflito ou de posibles riscos na rexión a visitar.			
Contemplamos o turismo como un dereito persoal a descubrir as riquezas do noso mundo, entendéndoos como unha consecuencia do dereito ao descanso e ao lecer.			
Segundo o Artigo 13 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, os turistas e visitantes beneficiaranse da liberdade de circular polo interior dos seus países e dun Estado para outro. Coñecemos esta lexislación.			
Existe unha relación equilibrada entre empresas de países emisores e receptores, contribuíndo para o desenvolvemento sustentable do turismo e para unha distribución equitativa dos beneficios do seu crecemento. Esiximos este trato equitativo na nosa viaxe.			
Sabemos que os axentes públicos e privados do desenvolvemento turístico cooperarán na aplicación dos presentes principios e controlarán a súa práctica efectiva.			

18. A partir da análise da vosa viaxe segundo o *Código Ético Mundial para o Turismo*, engadide tres correccións ou mudanzas que consideredes imprescindibles na vosa programación da viaxe para que cumpra as directrices do referido Código.